

Fran Alonso  
Vigo, paisaxe urbana

Cando Vigo acorda e se espreguiza, de mañá, ten o pelo de estropallo, revoltó coma as raigames dunha silva enguedellada. O seu tacto rasca na pel de Escritor coma unha esponxa de pedrapomez. A cidade está aínda iluminada pola luz triste das farolas, hai néboa cubrindo as rúas e un tráfico intenso de vehículos coas luces da alma prendidas. Escritor quenta o seu vaso de café con leite no microondas, porque o líquido é o único almorzo que o corpo lle admite os días da semana, cando ten que ir traballar. Porque Escritor traballa. En Vigo, ou en calquera outro lugar de Galicia, a escrita non lle dá nin por asomo para vivir, así que Escritor traballa noutra cousa. Agora Escritor é un mercenario da edición pero tamén pode ser profesor nun instituto, xornalista nun medio de comunicación ou varias cousas máis.

Engule con avidez o café con leite, apaña as chaves do coche de enriba da mesa e sae da casa en silencio. Mentres espera o ascensor, lembra, como todos os días, o proxecto para escribir esa novela, decididamente moderna, que ten pendente: un cuarto da súa acción desenvólvese precisamente nun ascensor. O ascensor, xenial invento. Aínda que o máis xenial, sen dúbida, é a electricidade, pois sen ela non podería baixar no ascensor, nin quentar o leite no microondas, pero tampouco escribir co ordenador, nin facelo transgredindo a madrugada.

A porta do garaxe, como todas as mañás, está pechada. Escritor busca a chave no peto do pantalón e entra no espacio hermético, grisáceo, de compacto silencio, que é o garaxe. Escóitanse pasos aquí e alá, de persoas que van camiño dos seus vehículos naquel magno espacio onde só as siluetas dos coches vixían os seus movementos. Todos os garaxes lle producen certa sensación de arrepío. Aquel escenario tan desolador (estaba seguro de que no caso de guerra sempre atoparía nel un acubillo onde refuxiarse dos bombardeos), aquel escenario, dicía, gustaríalle utilizalo algún día como ambientación para un relato de terror. Sería, claro, un relato de terror tal e como el entendía o terror, profundamente imbricado –pero case imperceptiblemente– na sociedade urbana contemporánea. El, desde logo, nunca escribiría un relato de terror decimonónico, estilo Lovecraft, nin empregaría os recursos facilóns do romantismo: as tormentas e os cemiterios (ademais, francamente, desde que inventaran o pararraios e a incineración todo iso estaba *demodé*); o terror contemporáneo é invisible, imperceptible, porque está instalado de maneira subliminar na cotianidade, nos hábitos da

propia rutina. O terror, hoxe por hoxe, esta chantado na neurose e no desconcerto da propia sociedade e xa non pode basearse no medo ao descoñecido. Por certo que a Escritor, persoalmente, unha das cousas que máis terror lle produce son os dentistas; sempre lle infundiron medo. De feito, non é mentira que o ambiente clínico adoita resultar obsesivo, e ademais os aparatos dos dentistas semellan corpos de arañas sintéticas e xigantes, de múltiples patas, pensados para infundir o terror nos pacientes.

Escritor entrou no coche e, manobrando entre os serpenteantes corredores do garaxe, saíu á rúa. Nun cuarto de hora tiña que estar no seu posto de traballo. Alcanzou raudo a Travesía de Vigo, enfilou Urzaiz a través de Vía Norte e baixou por Alfonso XIII para enganchar o tunel do Areal, que o deixaba fronte á Lonxa de Altura do Berbés, desde onde se poñería nun soplo o seu traballo. Cando chegou alí, xa amencía. As xentes conducían velozmente os coches, aínda coas luces prendidas, cara aos seus postos de traballo. Unha luz loura e neboente erguíase sobre o Berbés e non permitía distinguir con precisión os contornos dos edificios, que se amontoaban uns contra outros coma lapas brancas. As gaivotas sobrevoaban o porto, pousándose sobre os tráilers, sobre os colectores do lixo e sobre as caixas e os restos de peixe do chan. O mar, picado, resplandecía verde, esmeraltado. Entraba no peirao o barco de Cangas. Unha muller brincaba a terra e dirixíase, peirao adiante, cara ao bar onde traballaba. En media hora estaría a facer tortillas para os obreiros. A cidade espertaba, nerviosa e lentamente, do letargo da noite, e a vida bulía de novo, imprimíndolle ritmo ao corpo do dinosauro durmido.

Adoitaba chegar á porta do traballo con algún retraso, pero o seu problema era buscar aparcamento, pois ás veces estaba vinte minutos ou media hora dando voltas e voltas polas rúas, en varios percorridos posibles, á espera de que a sorte se cruzase, por fin, no seu camiño. En Vigo, como en calquera cidade de hoxe, é un feito tanxible que cada vez hai máis vehículos e menos sitio onde deixalos. O aparcamento será un dos grandes problemas urbanos do futuro, pensou. Un problema, esencial, estratéxico, especialmente espiñento en cidades coma Vigo, conformada a partir do aluvión poboacional, con rúas precipitadas, froito dunha improvisación endémica. Non hai máis que lembrar que Vigo tiña 389 veciños a finais do século XVII, 120.000 a principios dos 60, e 300.000 almas na actualidade. Se cadra, ese crecemento súpeto, historicamente desproporcionado, é un dos motivos que fixo dela unha cidade a primeira vista difícil, dura e, sobre todo, tan característica. Escritor lembrou un poema que en certa ocasión escribira sobre a cidade onde nacera: «A miña cidade ten moitos defectos. Entre os seus mil rúidos, soa unha sirena. E sei que faltan árbores. E non hai parques longos, coma o tren e as xentes son

estrañas entre si. Os paxaros marchan porque non hai silencios apagados e os edificios derrétenlles o voo. Pero eu queroa porque é a cidade onde nacín».

Finalmente, Escritor aparcou un cuarto de hora máis tarde e dispúxose a afrontar a súa xornada laboral. Aínda que era un feito que el relativizaba moito, sabía que o lugar onde traballaba era un referente cultural na cidade (e no país), e con frecuencia un lugar erotizante, ollado con certa lascivia. Afortunadamente, a forte personalidade da cidade facía que ese carácter de imán de líbidos, voces e vaidades no que se convertía por veces o seu posto de traballo se diluise entre o dinamismo dunha urbe que madruga moito e se detén pouco nesas cuestións. Posiblemente, ese mesmo posto de traballo trasladado a outra cidade galega sería como unha incomodísima gamela a mercede dun teimudo furacán. Pero os lindes dese Vigo maduro e moderno era de seu un muro que filtraba ese tipo de interferencias.

Cando saíu do traballo acudiu a comer algo rápido nunha cafetería, pois unha hora despois tiña que participar nunha tertulia sobre a cidade dentro do marco duns actos de ámbito universitario. El, que nacera en Vigo pero os primeiros anos da súa vida se criara nunha aldea do interior e unha boa parte da súa infancia trancorrera nunha pequena vila mariñeira, era, por cultura, formación e ubicación, profundamente urbano. E agora na pel médranlle edificios, tan supetamente, e nos dedos arrabaldes. Os síntomas estaban claros. Ora ben, Escritor era urbano, pero non urbanita, pois algunhas persoas que coñecía si que o eran. El nin tiña dependencia da cidade nin a necesitaba no seu desenvolvemento vital. Iso si, a conformación da súa personalidade e a súa apreensión do mundo realizárase desde os máis profundos parámetros da cultura urbana, que hoxe por hoxe invadía tamén o ámbito rural, moitos quilómetros terra adentro. De feito, adoitaba ironizar cando en Vigo se falaba das parroquias da cidade e das parroquias rurais, coma se estas últimas non estivesen en Vigo. El non dubidaba de que en esencia todas son iguais, porque a tipoloxía das parroquias «rurais» viguesas é profundamente urbana e a actividade laboral e os hábitos de vida dos seus veciños son inequivocamente urbanos, pois dependen da cidade e da súa personalidade industrial e de servicios. Cavilando nestas cuestións, Escritor lembrouse daquel personaxe seu, unha entrañable muller de Cabral que acudía a unha farmacia de garda do centro de Vigo a intentar conseguir sen receita unha caixa de voltarén para darlle aos porcos, a ver se lle sandaban. Á marxe da anécdota, en xeral, nas sociedades occidentais actuais a cultura ten un carácter eminentemente urbano, mesmo cando emana do propio hábitat rural e iso é unha consecuencia da influencia dos medios de comunicación, da uniformización dos costumes, da perda da tradición, da estandarización dos gustos, da globalización da

economía e da sociedade de consumo, e da imposición das mesmas formas de ocio, entre outros factores. Repasando estas ideas para a súa intervención na tertulia (chamábano con frecuencia para ese tipo de cousas), Escritor lembrou entón, como o fixera tantas outras veces en diversas charlas e conferencias, as vacas de Jaureguizar, un narrador galego que nun dos seus magníficos relatos dá conta de como as vacas meten a cabeza pola xanela dunha casa de aldea para ver a CNN no televisor a pesar de que as pobres non entendan nada porque, como se sabe, a CNN emite en inglés. Escritor sorriu para si. Hoxe a cidade está en nós porque nós somos a cidade, díxose. Está cincelada coa nosa esencia. Así que os escritores occidentais actuais son esencialmente urbanos, mesmo aqueles que viven no medio rural. Porque ser urbano, en definitiva, non depende tanto do lugar onde se vive como da cultura que nos moldeou. E a cuestión non é tanto que escribamos *sobre* as cidades senón, metaforicamente, *desde* as cidades porque, queirámolo ou non, somos fillos do tempo e da sociedade que nos tocou vivir. E a nosa é profundamente urbana.

Qué fame. Escritor deu veloz conta do seu prato combinado e retornou na procura do seu coche para atravesar a cidade con destino ao campus universitario, situado nun dos outeiros dos arredores. Primeiro tiña que saír de alí, o que a esas horas constituía un auténtico trastorno, pois era hora punta e o tráfico estaba completamente ralentizado. Na cidade, os atascos de tráfico son coma caravanas de formigas. Pero ningún dos conductores ten a súa paciencia de cartón. Así que mentres se desesperaba no coche coa densidade da circulación, puido escoitar a voz estridente dun poeta local que recitaba pola radio. A emisora era Radio Ecca: «A cidade é de sangue de figo. Produce berros de cristal que chegan ao epicentro do meu corpo. Os que alí habitamos temos vertixes de menta e sentimos os semáforos que ferven de dolor. É cando as rúas doen e parece que son coma culleres, así de estrañas». Vaia merda de poema, pensou.

A tertulia transcorreu con normalidade, con intervencións bastante rutinarias por parte de todos os participantes, incluído el mesmo. Mal que ben, finalmente o público deu pé a un debate moi animado. Por desgracia, quedou patente que había moitos vigueses que valoraban a súa cidade moi negativamente, como unha urbe invivible, durísima e sen atractivo ningún nin para os seus habitantes nin, por descontado, para o feito literario. En efecto, proporcionalmente Vigo é unha cidade na que a crónica ficcional se detivo moi pouco, pero a xuízo de Escritor iso non ten que ver con carácter da cidade, que, por certo, xa literaturizara Martín Códax na Idade Media, senón polos propios condicionantes históricos da literatura galega e a forza centrífuga da súa tradición. El, que consideraba Vigo o ámbito natural –aínda que non

exclusivo— de moitos dos seus libros, defendeu a cidade con paixón. Por veces, argumentou, semella coma se padecese esa estraña enfermidade psicolóxica da autoanulación, da autonegación, quizais inducida por certos prexuízos históricos que arrastra. A ese respecto, é significativo que as enquisas aseguren que Vigo é a cidade galega peor valorada polos seus habitantes. Escritor recoñeceu que a diario os seus habitantes se sinten engulidos polo tacto lacerante da cidade, lanzados sen contemplación contra o inflexible metal das súas entrañas, ese frío metal por veces tan inhumano, que historicamente modelou con persistencia unha urbe deformada. Certo, Vigo é aquel lugar onde tristemente a especulación triunfou por riba da habitabilidade, das persoas, do entorno, da vida. A súa filmografía recente (*Lena, Los lunes al sol*) buscou na cidade esa dureza da que, por certo, tamén presume. É normal: o que potencialmente é o seu mellor escenario literario, o magnífico microcosmos da ría, permanece oculto para os ollos desde a maior parte da cidade.

Con todo, Vigo é tamén unha cidade aberta, dinámica, autocrítica, solidaria, cunha capacidade de superación e de avance como poucas. Esa tamén é a miña cidade, defendeu Escritor, un lugar ao tempo fermoso, escuro e brillante, cun entorno privilexiado, con rúas inconfundibles, con lugares atractivos, aínda por remodelar, por revitalizar, de fortísima personalidade, de grandes contrastes, progresista, de vocación cosmopolita. Pero aos seus habitantes cústalles recoñecer o seu rostro amable. Entón Escritor recitou para si, de memoria, un poema que escribira tempo atrás: «Cando a cidade se desangra coma un monstro de area, torpemente vermella, espirra sobre o seu corpo de rúas. Cidade enferma e convulsa, que abrupta perdes o sangue das túas veas. ¿Con que forza latexas?»

Vigo, desde logo, non é o centro do mundo, nin sequera o centro de Galicia, pero a súa vocación de liderato, a súa apaixonada, dinámica e participativa sociedade civil (cunha capacidade de mobilización que moi poucas cidades aguantarían), o seu intenso movemento veciñal e a forza do seu asociacionismo fan dela unha das urbes máis vivas de toda Europa e obrigan a que sexa gobernada permanentemente desde o pacto social. Aí reside a auténtica grandeza desta cidade. Vigo está a ferver, evoluciona en positivo con paixón. E, para calquera escritor, esa é unha mina, un auténtico filón creativo. Vigo, defendeu Escritor con paixón, é aínda unha cidade con moitas posibilidades de reinventarse, tamén literariamente.

Cando rematou o acto, Escritor preferiu regresar á súa casa e excusouse para non quedar aos pinchos con viño albariño que se lles servía a continuación aos convidados. A medida que o seu coche se ía achegando á

cidade, Vigo perfilóuselle coma un xigante atragantado e torpe que se deita sobre un val entre montañas e latexa con arritmia, contraédonse e estirándose de forma convulsa. A súa figura abrupta foise desdebuxando mentres o coche avanzaba pola estrada para ser devorado pola urbe. Vista desde a zona alta de Cabral, a cidade semellaba un corpo que se desangra. Sempre lle causara esa impresión e non deixaba de lle producir certo horror. Desde o coche observou como, alá embaixo, as formas dos edificios marcaban as arterias doridas dun corpo de asfalto e cemento.

Ao chegar ao cruce da rúa Cantabria cambiou de opinión e en vez de se dirixir a súa casa optou por continuar no coche. Apetecíalle ver o mar, así que decidiu atravesar a ponte de Rande e dar a volta na saída do Morrazo. Por veces precisaba deixarse engaiolar polo mar, e o venteado Rande era un lugar axeitado para airear as ideas. A ría constituía un microespacio literario de referencia na súa obra, pero agora non ía buscando inspiración senón, unicamente, osixenación. Para Escritor, a ría era un espacio máxico, un tópico sen topificar, un escenario virxe balizado na súa entrada polas Illas Cíes, ese lugar onde os romanos se sentían máis preto do ceo; e no seu remate pola Illa de San Simón, que acubillou unha das alfaias da literatura universal: a cantiga de Meendiño. Ademais, esa ría que os mariñeiros defenderon a dentalladas durante a marea negra do *Prestige*, tiña para Escritor un poder prodixioso, feiticeiro: singulariza os personaxes, defíneos e dálles corpo e personalidade nun ámbito, o urbano, onde os personaxes contemporáneos, de tan individuais, de tan modernos, acabaron estrangulados pola urbe, porque hoxe por hoxe desapareceron os estereotipos locais e só permanecen os estereotipos universais como paradigma da cultura urbana europea, da cultura urbana occidental. Esa é a uniformización, da que a ría prescinde, salvándose. A ría é un irrepitible escenario natural, contido nas súas beiras polas extensas concentracións urbanas que marcan as fronteiras do mar, un espazo, por certo, aínda infimamente aproveitado na ficción literaria.

Cando chegou á outra beira da ría, unha vez atravesada a ponte de Rande, a Escritor a cidade pareceulle distinta. Vigo, desde alí pareceulle Nova York. Coma nas películas dos sábados. E sorriulle, desde enfronte, cinicamente, fermosa e altiva, a cidade das súas penas, a piques de engulilo.

Daquela, Escritor pensa na señora Lola, que atravesa ese mar diariamente, nas súas rutinas, nas súas depresións, na súa condición de muller e segue coa vista o rumbo da lancha de Cangas. A súa voz, a dela, ecóalle, coma un electrodo, no cerebro: «Mar picado. As gaivotas sobrevoan a proa. Vigo engóleme os pés xeados e o inverno penétrame por baixo das saias. O día, cabrón, inicia a súa rutina. Cangas desdebúxase, cabeza atrás. Sábeme a lingua

a sal e aínda a seme. Imaxino o meu home, a durmir, mentres o barco me achega a porto. A vertixe dos edificios entre as nubes éncheme os ollos de pedramol. Todo é fermoso e brutal. A única rendición espérame na caloriña dos fogóns».

Logo, co sabor do salitre impregnado nos ollos, Escritor regresou á casa. Xa case era noite. Como non tiña ganas de facer cea, apañou da neveira algo feito, meteuno no microondas e ceou na cociña mentres escoitaba como, no piso de arriba, discutía unha parella. Non coñecía eses veciños, eran novos. En realidade levaban xa case un ano vivindo no edificio, desde que marcharan os anteriores –os que tiñan dous críos tipo destroyer–, pero nunca coincidira con eles no portal ou no ascensor, ou se coincidira non adiviñara que eran eles, así que aínda non lles coñecía a cara. Dos veciños do lado, por exemplo, sabía máis deles pola música que escoitaban e polos programas de televisión que vían que polas poucas veces que intercambiaran algunhas palabras. Ademais, eran dos que nunca acudían ás reunións da comunidade, aínda que el tampouco é que fose demasiadas veces. Os de arriba discutiron cada vez máis acaloradamente até que se escoitou un portazo definitivo. A Escritor molestábanlle os rúidos dos veciños, pero decatárase de que cando non os oía sentía certo desamparo: por veces preguntábase, ridiculamente, se o silencio non lle metería medo.

Acabou de cear e prendeu o seu portatil. Non se sentía en disposición de escribir demasiado. Antes de comezar, achegouse á fiestra e apretou o seu nariz contra o cristal. Xa era noite pecha. En todos os edificios as ventás permanecían pechadas e as persianas estaban botadas. Parecelle que ás veces as persoas pódense sentir terriblemente solitarias nunha cidade. Imaxinou que en cada un daqueles pisos podía haber unha historia particular, vidas diferentes, ou semellantes, se cadra alguén adoecendo por amor, un neno chorando, unha muller na que o home bate, unha alma aloucadamente solitaria, quizais un desesperado, quen sabe se a piques de se quitar a vida, persoas enfermas, se callar próximas ao estertor derradeiro, tolos, mesmo un esquizofrénico perigoso dos que sempre aparecen nas películas espreitantes tras unha cortina impenetrable, observando silandeiros a vida dos demais, parellas discutindo, berrando, pelexando sobre o parqué ou facendo o amor, derreténdose en mil desexos clandestinos. Todo iso fascinábao e ao tempo asustábao tremendamente. Sobre todo, porque lle ten certo medo á vida e, desde logo, moito respecto á noite. A noite, Escritor coñecía moi ben. De feito, escribiu sobre ela. A noite prende, engaiola, pero tamén engule, vampiriza e desgasta a quen a vive. El sabía ben que a noite, ese incontrolable

escenario de xungla urbana, no fondo podía ser un auténtico cemiterio de elefantes.

Púxose sobre o ordenador e, de súpeto, entroulle un arrebatado creativo: abandonaba eses textos de Vigostreet que estaba a escribir agora porque, ben pensado, nestes momentos Galicia estaba en pé de guerra. E el, Escritor, tiña que deixar testemuño de semellante acontecemento.

FRAN ALONSO

© Fran Alonso, 2004